



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Tesourería e Recadación

Ingreso en voluntaria de taxas de mercados municipais e quioscos do 3º trimestre de 2025

ANUNCIO

INGRESO EN VOLUNTARIA DE TAXAS DE MERCADOS MUNICIPAIS E QUIOSCOS DO 3º TRIMESTRE DE 2025.

Por Resolución do Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, de data 21.11.2025, estableceuse o prazo de ingreso en voluntaria das Taxas por prestación de servizos en mercados municipais e ocupación de terreos de uso público con quioscos, 3º trimestre do 2025, de acordo co seguinte:

CONCEPTO	PERÍODO	PRAZO DE INGRESO
Taxas por prestación de servizos en mercados municipais e por ocupación de terreos de uso público con quioscos	3º trimestre 2025	Dous meses, contados a partir da publicación no BOP do edicto de cobranza.

Os obrigados ó pagamento poderán satisfacer as súas débedas a través de:

CAIXA MUNICIPAL, sita na R./Franxa, 20 Baixo, de luns a venres, de 8:00 a 14:00. (Os días 24 e 31 de decembro, a caixa municipal permanecerá pechada).

ENTIDADES COLABORADORAS: No horario de atención de caixa da respectiva entidade (de luns a venres).

ABANCA

BANCO SANTANDER

BANCO SABADELL

CAIXABANK

BBVA

Transcorrido o período de cobramento en voluntaria sinalado, sen que se satisfixeran as débedas, iniciárase o procedemento de constrinximento de conformidade co disposto no artigo 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo e 38 e seguintes da citada Ordenanza Xeral de Recadación Municipal, publicada no BOP nº 250 de 31 de decembro de 2015, coas recargas previstas no artigo 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, custas e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

A non recepción do documento de cobro no domicilio non exonera da obriga do pagamento, nin impide o emprego da vía de constrinximento.

A Coruña, a 27 de novembro de 2025

O Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica.

José Manuel Lage Tuñas

2025/7960